

Bases reguladoras do programa “Depo en marcha” 2022

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo o programa “Depo en marcha”, que ten como finalidade favorecer o envellecemento activo das persoas maiores da provincia de Pontevedra a través de distintos obradoiros englobados nas temáticas que figuran no catálogo, co fin de favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e de intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia para evitar o illamento e as situacións de soidade.

Este programa ten como obxectivo promover a inclusión social ao facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Deste xeito, logo da obrigada cancelación das edicións de 2020 e 2021 debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, convócase unha nova edición do programa “Depo en marcha”.

A través deste programa ofertaranse 130 obradoiros cun número máximo de 25 participantes por cada un, o que supón un total de máis de 3.000 persoas. Estes inclúiranse dentro das seguintes temáticas: “Aprendendo da natureza”, “Móvete”, “Activando corpo e mente”, “Enredando”, “Dálle marcha” e “En rede”.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos marcados nesta lei.

De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é regular o procedemento polo que rexerán as solicitudes de participación no programa "Depo en marcha" 2022 para entidades sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos previstos nesta convocatoria.

Segunda. Orzamento e financiamento

A contía consignada para este programa é de cento oitenta e seis mil oitocentos cinco con oitenta e seis (186.805,86) euros, con cargo á aplicación 22/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

Terceira. Entidades beneficiarias e requisitos de participación

3.1. Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra
- Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados
- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores

- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos

3.2. O Servizo de Cohesión Social comprobará de oficio que a actividade formativa solicitada non coincide coas solicitadas noutras convocatorias específicas ofertadas por outros servizos da Deputación.

3.3. Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública.

3.4. As persoas maiores que sexan socias das entidades adxudicatarias terán preferencia na inscrición nos obradoiros.

3.5. Poderán beneficiarse do programa, e polo tanto participar nos obradoiros, persoas que non sexan destas entidades sempre que existan prazas vacantes, de acordo co procedemento establecido nestas bases.

Cuarta. Condicións do programa

4.1. Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que para a súa realización a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. En caso contrario, o obradoiro non se poderá iniciar.

4.2 Só se poderá conceder un obradoiro por entidade.

4.3 Cada obradoiro terá un custo de sete (7) euros por participante, que deberán ser aboados da maneira establecida na base décimo primeira.

4.4 Os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata completar o número de horas.

No caso de querer modificar as horas semanais ou de non alcanzarse o número mínimo de participantes a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación para buscar outras opcións antes de anular a actividade formativa.

4.5. O número máximo de prazas estará determinado pola especialidade do obradoiro e poderá variar entre 20 e 25 (pódese consultar o catálogo de obradoiros en www.depo.gal).

Para realizar calquera obradoiro será necesario reunir un mínimo de 15 persoas inscritas.

No transcurso da formación o número de alumnas e alumnos non poderá baixar de 10; se isto sucede a empresa adxudicataria deberá informar desta situación ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude coa

maior brevidade. Unha vez valorada a información presentada pola empresa, o servizo decidirá se se cancela ou non o curso.

No caso de que as persoas socias non cubran todas as prazas ofertadas a entidade solicitante deberá aceptar as persoas non socias que previamente solicitasen participar no obradoiro correspondente. Para este efecto, as persoas non socias deberán contactar directamente coa entidade para anotarse ao obradoiro do seu interese.

O número máximo e mínimo de participantes esixidos nos parágrafos anteriores adaptarase ao establecido na normativa sanitaria en vigor en función da natureza da actividade e das recomendacións sanitarias aplicables.

4.6. Cada entidade poderá escoller un obradoiro de entre os ofertados no catálogo, o que supón a aceptación das seguintes obrigas como entidade participante:

- Proporcionar unha aula coas características adecuadas para o desenvolvemento da propia actividade formativa e que cumpra a normativa de aplicación, especialmente a sanitaria fronte á COVID-19 (espazo, mobiliario, ventilación, medios materiais, iluminación etc.). Se o local non reúne os requisitos mínimos esixidos anularase a actividade. Neste caso a entidade poderá solicitar calquera outro obradoiro que figure no catálogo ofertado
- Informar o alumnado do material que deberá levar (incluído o material de prevención esixido na normativa sanitaria vixente)

4.7. Unha vez concedido o obradoiro, a entidade solicitante terá a obriga de enviarlle a relación definitiva de participantes á empresa adxudicataria (anexo II) a través do correo electrónico ou de calquera medio que permita a súa recepción, respectando como mínimo que o envío se reciba dez (10) días hábiles antes do inicio da actividade.

Nela deberán figurar os nomes e os apelidos das persoas asistentes, o número de DNI, a idade e o teléfono de contacto de cada unha delas, entre outros datos. Para levar a cabo o obradoiro deberán estar inscritas, como mínimo, 15 persoas. No caso contrario, existirá a opción de completar o número de participantes coas persoas non socias que presentasen a solicitude correspondente.

4.8 As entidades terán ata o 31 de decembro de 2022 para realizar as 30 horas do obradoiro escollido.

Quinta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>. Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda. En todo caso, se esta emenda se levase a cabo fóra do prazo de presentación de solicitudes, esta deberá limitarse á presentación electrónica do xa entregado presencialmente, sen que poidan engadirse outros datos ou documentos ou rectificar os xa achegados.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sexta Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles e comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Sexta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante
- NIF da persoa representante da entidade solicitante
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo marcando o cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificado da acreditación do cargo ou copia da acta de constitución da xunta directiva (anexo I), só no caso de non utilizar o certificado electrónico de representación.

A documentación complementaria presentárase obrigatoriamente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Oitava. Notificacións

8.1. As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practícanse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícanse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

8.2. O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Novena. Publicacións de actos

A relación de entidades admitidas e excluídas publicarase no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Así mesmo, publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo primeira. Obrigas das entidades e persoas participantes

11.1. A entidade solicitante autorizará a institución provincial a publicar os datos de contacto e o lugar no que levará a cabo o obradoiro, co fin de que as persoas que non sexan socias poidan contactar con ela de estaren interesadas.

Así mesmo, as entidades participantes autorizarán a obtención de imaxes das instalacións onde se levará a cabo o obradoiro escollido, co fin de poder verificar que estas reúnen as condicións óptimas para o correcto desenvolvemento da acción formativa.

11.2. As persoas participantes deberán levar os materiais recollidos no catálogo baixo o epígrafe "Materiais que levará o alumnado", polo que é importante, á hora de elixir, ter en conta de que materiais se debe dispoñer.

11.3. As persoas participantes deberán asinar no primeiro día do curso a recepción do material que ten que proporcionarlles a empresa, que tamén se recolle no catálogo.

11.4. As entidades participantes no programa non poderán esixirlles ningunha cota ou calquera outra contía ás persoas que realicen a acción formativa, excepto o pagamento de sete (7) euros estipulado

nestas bases; no caso de que se teña coñecemento desta práctica a entidade será sancionada e non poderá participar na edición seguinte, sen prexuízo das responsabilidades que legalmente lle correspondan. A cantidade mencionada só poderá ser reintegrada cando exista un motivo debidamente xustificado que lle impida á persoa participante asistir á acción formativa. Estas baixas deberán acreditarse documentalmente.

No día de inicio de cada actividade formativa a persoa responsable ou representante da empresa adjudicataria encargarse de recoller a cota de sete (7) euros de cada participante, salvo que ambas as partes acordasen outro medio para facer efectivo o pago, que pode ser transferencia bancaria, cheque bancario ou calquera outro medio admitido en dereito, sempre que se deixe constancia do número de persoas que fan o pagamento en cada un dos obradoiros.

11.5. As persoas participantes poderán autorizar voluntariamente a cesión dos seus dereitos de imaxe para permitir a toma de fotos durante a execución dos obradoiros para difundir e promover o programa.

11.6. Unha vez finalizada a acción formativa entregaráselle a cada participante un diploma acreditativo, sempre que se cumpran os requisitos de asistencia e se presente o DNI ou o NIE.

A entrega dos diplomas poderá realizarse ao final de cada acción ou cando finalice o programa. Neste último caso realizarase a clausura e a entrega conxunta dos diplomas ás diferentes entidades participantes.

Para obter o diploma non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % de faltas xustificadas.

Décimo segunda. Obrigas da empresa adjudicataria

12.1. A institución provincial ofertará os obradoiros a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

A empresa adjudicataria encargarse de proporcionar, para cada obradoiro:

- O persoal docente coa titulación esixida nos pregos
- Cartafol do programa: presentación e condicións do programa, guiión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo e fotocopias. Todos os materiais didácticos necesarios para a boa execución do obradoiro
- Xel hidroalcohólico para o alumnado e o profesorado.

- Equipamento específico recollido no catálogo, material necesario para facer exemplos prácticos na aula e materiais básicos para realizar o curso

12.2. A empresa adxudicataria será a responsable de coordinar coa persoa responsable da entidade solicitante de cada obradoiro os seguintes aspectos:

- O lugar de realización do obradoiro. Será a entidade a que deberá dispoñer do local
- A solicitude da relación definitiva de participantes (como mínimo unha semana antes do inicio do curso)
- As comunicacións necesarias coa Deputación, coa entidade e co persoal docente para informar do día, da hora e do lugar nos que se levará a cabo a actividade formativa

Décimo terceira. Procedemento de concesión

13.1. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, e por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse mediante unha resolución da deputada delegada de área, que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

13.2. O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva. No caso de que o número de solicitudes exceda o de obradoiros ofertados desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

- 1) Asociacións, federacións, confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.
- 2) Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.
- 3) Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas nas anteriores.
- 4) Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores.

13.3. Tendo en conta o anterior, cubriranse de forma inicial un máximo de 130 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda. No caso de que os obradoiros ofertados non queden cubertos a institución provincial poderá ampliar a convocatoria inicial para que as entidades beneficiarias poidan solicitar un segundo obradoiro.

13.4. O número de accións formativas poderá ampliarse no caso de que a empresa adxudicataria oferte un prezo unitario por obradoiro inferior ao de licitación.

Décimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo quinta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

En toda a publicidade que se elabore deberase facer constar a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Regulamento da LXS. Para máis información sobre esta cuestión pode contactar co Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico cohesionsocialxuventude@depo.gal.

Décimo sexta. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Décimo sétima. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións
- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial